

A ética formal de Kant

A distinción entre a ética formal e as éticas materiais é característica de Kant. O filósofo alemán non vai a fundamentar a moral nun contido (normas concretas e fins a perseguir pola conduta), como si fan as éticas materiais, senón na forma de actuar con carácter universal que a razón práctica dita á vontade. Nisto último consiste a ética formal kantiana.

Kant vai criticar as éticas materiais. Unha ética material é aquela na que a bondade ou a maldade da conducta humana depende de algo que é considerado o ben supremo para o home; e para acadar ese fin existen uns medios ou normas a seguir. Kant criticará calquera ética material, principalmente, por caracterizalas como éticas heterónomas: reciben os seus preceptos dende fóra da razón mesma do suxeito.

A diferenza das éticas materiais, a ética formal kantiana é una ética baleira de contidos: non é unha ética que obrigue en atención aos efectos que se procuran (non é unha ética de resultados ou fins), senón que expresa un deber necesario e universal; isto é, un deber categórico ou absoluto (o que é bo é bo sempre). Trátase, pois, dunha ética autónoma, xa que é o propio suxeito o que se determina a se mesmo a obrar, sen que o seu modelo de actuación lle veña imposto por algo exterior a súa propia razón.

O deber e a boa vontade.

A ética formal baséase no deber. Por ser unha ética baleira de contidos, non nós di o que debemos facer, senón como debemos obrar (de xeito que a norma que guía a nosa conduta sexa xerabilizable). Cada ser humano é o que ten que encher esa ética cos seus propios contidos universalizables. O deber é a única norma de moralidade e consiste en actuar por lei (unha lei universal ditada pola propia razón).

Kant distingue entre tres tipos de accións:

- a) contrarias ao deber;
- b) conformes ao deber;
- c) accións realizadas por deber.

Só as últimas desas accións son moralmente boas: nelas non se obra para acadar un fin, senón que é o deber polo deber o que motiva o actuar. O valor moral non está nin no fin nin nos medios para acadar ese fin, senón no móbil que determina a acción. O grado máximo de moralidade será sempre o deber cumprido e a boa vontade será aquela que obra por deber, un deber imposto pola razón. Se a vontade se guía por normas ou fins exteriormente impostos, non sería unha vontade autónoma. Por iso o suxeito moral ten que guiarse por un imperativo autoimposto que obrigue con carácter universal e necesario.

O imperativo da moralidade: O imperativo categórico.

O deber aparece recollido en imperativos. Un imperativo é unha oración que expresa un mandato. Kant distingue entre imperativos hipotéticos e imperativos categóricos.

- Os imperativos hipotéticos son os propios das éticas materiais. Son regras que determinan a vontade expresando un mandato como medio para chegar a un fin. Son do tipo: “*Se queres x, entón fai y.*” Onde *x* é o fin que buscamos (pracer, felicidade, salvación eterna, etc.) e *y* son as normas concretas de conducta que debemos seguir para alcanzalo. Por exemplo: “*Se queres ser feliz, fuxe do mundanal ruído.*”
- Os imperativos categóricos son os que ordenan unha acción como boa por se mesma, sen referencia a fins ou normas concretas. Son absolutos e universais, xa que obrigan a calquera ser racional independentemente dos motivos, fins ou condicións.

Para Kant, só o imperativo categórico pode ser un imperativo moral (el dirá que só el pode ser lei moral).

Formulacións do imperativo categórico.

Primeira formulación ou fórmula da lei universal: “Obra só segunda unha máxima tal que poidas querer, ao mesmo tempo, que se torne en lei universal.”

A formulación do deber está expresada en forma de lei universal. Temos que actuar por deber, un deber emanado da miña propia conciencia moral autónoma, pero que ten que ser un deber susceptible de converterse en deber para todos.

Segunda formulación ou fórmula do reino dos fins: “Obra de tal xeito que nunca tomes á humanidade, nin en ti mesmo nin na persoa de calquera outro como medio, senón sempre como fin.”

Temos que actuar seguindo a lei que dita a razón, porque todos os seres humanos un fin en tanto que somos racionais. O fundamento do imperativo categórico encontrase na natureza racional, en tanto que esta ten valor absoluto, é dicir, todo ser racional é un fin en se mesmo e non pode ser utilizado para acadar un fin empírico, pois, os seres racionais somos libres e autónomos e posuímos dignidade. Mentres que as cousas son medios e teñen un prezo, a persoa merece respecto xa que é un fin e posúe dignidade.

Terceira formulación ou fórmula da autonomía da vontade: “Obra de tal xeito que a túa vontade poda ser considerada lexisladora universal.”

A autonomía da vontade consiste en ser unha vontade universalmente lexisladora. Xa non se trata de que unha acción sexa necesaria para acadar un interese, senón que se trata de que a vontade se guíe por un deber que temos que seguir todos os seres racionais. Xa que todos os humanos somos racionais e autónomos, o único deber moral é respectar a suprema dignidade de todo ser humano. E soamente cando a vontade se determina a se mesma por unha lei universal emanada da propia vontade (e non por fins alleos a ela) é autónoma. A verdadeira moralidade identifícase así coa liberdade. E todo ser humano posúe dignidade na medida en que é un lexislador universal, a saber, capaz de darse a si mesmo a lei moral (un deber moral xerabilizable).